XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE INFANTIL Curso 2009/10	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	"OS SUPERHÉROES"
IDIOMAS	**X** GALEGO □ FRANCÉS □ CASTELÁN □ OUTRAS LINGUAS: □ INGLÉS
DESCRITORES A TRABALLAR	Respetar as quendas da fala dentro da obra de teatro. Memorizar o texto que lle corresponde a cada un e coñecer o dos compañeiros para facilitar as intervencións de cada un. Repetir o texto cunha articulación, vocalización e expresión correcta e cunha intensidade de volume axeitada ao contexto para actuar en público. Coñecer e ampliar o vocabulario relacionado cos alimentos. Tomar conciencia da necesidade de manter unha dieta sa e equilibrada. Empregar a entoación adecuada e a expresión corporal para aumentar a intención comunicativa do texto.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	**X** COMPRENDER: **X** comprensión auditiva / **X** comprensión lectora **X** ESCOITAR **X** FALAR: X expresión oral / □ interacción oral **X** LER □ ESCRIBIR: □ expresión escrita*
OBXECTIVOS	Traballar e aumentar a capacidade memorística do alumnado. Mellorar a capacidade de vocalización, articulación e expresión ao falar en público. Respetar os turnos de intervención permanecendo en silencio e sen facer ruído mentres interveñen os demais. Coñecer os elementos básicos da obra teatral como drama, tempo escénico, espacio escénico, personaxes e conflicto. Coñecer as posibilidades comunicativas do corpo e da voz.
MATERIAIS	Guión da obra de teatro "os superheroes", decorado (mesa, cubertos, cartel do restaurante, alimentos diversos en cartón) eos traxes (4 capas de cor azul, vermello, verde e vermella cos seus antifaces de cartón, e roupa de adulto e unha barba para o comensal)
DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE	Primeiro presento a obra cos personaxes e a súa temática. Iniciamos a actividade cunha lectura colectiva da obra sen facer pausas. A continuación cada un dos nenos le a obra de xeito

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Edificio administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf: 981546562 - Fax: 981546551
dxefpie@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/fp

	individual e para si mesmo, subliñando as palabras que non entendan. Logo comentamos o desenvolvemento da obra, se nos gusta ou non, que parte parece máis divertida, en que palabras temos dificultade de comprensión. Logo asino a cada un o seu papel. Volvemos a ler a obra e cada un ten que estar atento a súa intervención. A partir de aquí comeza o traballo de memorización do papel de xeito individual. Logo seguimos cos ensaios inicialmente co papel da obra na man e pouco a pouco van deixando o papel. Cando consigan a memorización do papel pasamos a traballar a expresión vocal e corporal facendo fincapé na entoación adecuada das frases dependendo de si son exclamacións ou interrogacións e no movemento corporal. Por último pasaremos a confección do vestiario e do decorado. A actividade remata coa representación no colexio da obra diante dos seus compañeiros.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	Observación de cada neno de xeito individual durante cada unha das fases da actividade (lectura inicial, memorización, expresión verbal e corporal, posta en escena). Entoar e pronunciar correctamente as palabras que ten cada un coordinando os xesto coa expresión verbal.
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	A participación foi máxima, ademais supuxo unha gran motivación facer unha actividade que se saia da rutina da clase. Cada neno creou o seu propio disfraz a partir do material dispoñible no colexio.
IMPACTO PREVISTO	Con esta actividade melloraron a súa capacidade de entoación durante a lectura doutros textos na aula, conseguiron apreciar a importancia dos xestos durante a comunicación. Exercitaron a súa memoria e foron perdendo o temor a falar e actuar en público. Ademais coñeceron as distintas características de cada grupo de alimentos na pirámide alimentaria e foron conscientes da necesidade dunha dieta equilibrada acompañada de exercicio físico.

* Lembrámosvos que o PEL de Infantil abrangue ata os 8 anos, sería nas derradeiras etapas deste nivel (de 6 a 8 anos) onde se recollería o apartado de escribir.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004